

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 11 DE MARZO DE 2013

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:54 horas do día 11 de marzo de 2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data, acordándose por unanimidade dos membros presentes o adiamento da hora de celebración do pleno que, estaba convocado para as 9:30 horas, ao estar presentes todos os membros e así decidilo.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

PUNTO PRIMEIRO.-PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

Sometida a votación a urxencia da sesión é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO SEGUNDO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA CANALIZACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE FUTUROS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS NO POLÍGONO INDUSTRIAL VILAR DO COLO

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA CANALIZACIÓN PARA PRESTACIÓN DE FUTUROS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO

O Concello de Fene percibiu unha subvención do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para levar a cabo actuacións no polígono de Vilar do Colo de canalización para a futura implantación de servizos de telecomunicación, dentro da convocatoria de axudas para actuacións de reindustrialización nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (A Coruña) no ano 2012.

Para a implementación de dita subvención elaborouse un proxecto técnico polo enxeñeiro de telecomunicacións don José Luis Martínez Lorenzo, o cal foi obxecto de informe de supervisión polo enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal e informe xurídico da secretaria da Corporación.

Ambos informes son favorables en canto ao contido do proxecto, pero desfavorables en canto á súa aprobación en tanto non se obtiveran as preceptivas autorizacións da Consellería de Cultura e CMATI.

Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais anteriormente citadas e con carácter favorable, cómpre proceder á aprobación do proxecto técnico da obra, coa finalidade de proceder canto antes á súa contratación, á vista de que as obras deben estar iniciadas no prazo dun mes, rematadas en xuño do 2013 e contan cun prazo de execución de 8 semanas.

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previsto no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de construción dunha canalización para prestación de futuros servizos de telecomunicacións elaborado por don José Luis Martínez Lorenzo e visado polo COIT o 7.2.2013 co núm. P13000379.

Fene, 8 de marzo de 2013.

O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal"

Inicia o turno de intervencións o concelleiro do grupo do PP don Juan José Franco Casal quen di que a razón de convocar este pleno é o necesario trámite de aprobar este proxecto para proceder á contratación da obra, proxecto que debe ser aprobado polo pleno ao non estar a obra prevista no orzamento municipal.

Engade que os prazos apremian e que non se puido traer antes o proxecto ao pleno porque non tiña todas as autorizacións setoriais, recibíndose a última o pasado venres.

Por parte do grupo do BNG, o seu voceiro, don Manuel Polo Gundín, anuncia a abstención do seu grupo porque non miraron o expediente e así facilitar a tarefa de goberno.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do PP e 5 do grupo socialista), con 6 abstencións (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Aprobar o proxecto de construción dunha canalización para prestación de futuros servizos de telecomunicacións elaborado por don José Luis Martínez Lorenzo e visado polo COIT o 7.2.2013 co núm. P13000379.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8:56 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas